

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL
ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de setembro de 2025**

Ás 17.56 horas do día 17 de setembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

D.^a Susana Rodríguez Estévez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: M.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don José María Lago Cabo que é substituído por don Rosendo Luis Fernández Fernández.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE XULLO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de xullo de 2025.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 15 de xullo de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA BASE 9ª DAS APROBADAS PARA REXER O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2025 (EXPTE Nº 2024/15655S).-

Dª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do Grupo Socialista (4) e a abstención do BNG (2) e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da *base 9ª das aprobadas para rexer o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025*, co seguinte contido:

*A xustificación da utilización dos fondos percibidos con cargo ao **Programa de gasto corrente e amortización de débeda** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático ata as 23:59 horas do día 17 de novembro de 2025. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

*A xustificación da utilización dos fondos percibidos con cargo ao **Programa de Investimentos** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático ata as 23:59 horas do día 28 de novembro de 2025. O dito prazo terá carácter improrrogable.*

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e na sede electrónica da Deputación, as bases inicialmente

aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que deberán ser resoltas motivadamente no acto de aprobación definitiva.

No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderanse automaticamente aprobadas as bases de forma definitiva, procedendo á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

3º.- DACIÓN DE CONTA DA ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO, SOLICITANDO A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO “RESIDENCIA PARA MAIORES EN VIDE”, NO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DE MIÑO (EXP. Nº 2025/19093E).-

Consonte co establecido no artigo 126 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 138 do mesmo texto legal, a Presidencia da conta do acordo plenario que se transcribe, adoptado na sesión de data 27 de agosto de 2025:

***Primeiro.** Aceptar a delegación de competencia formulada polo Concello de Castrelo de Miño para a tramitación do expediente expropiatorio necesario para a execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño.*

***Segundo.** Requirir ao Concello de Castrelo de Miño para que, mediante a sinatura dun convenio expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio, incluído o pagamento do prezo xusto que se determine.*

***Terceiro.** Dar conta deste acordo á Comisión Informativa competente por razón da materia. Os membros da Comisión quedan informados.*

4º.- DACIÓN DE CONTA DA AVOCACIÓN DE COMPETENCIA POLO PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DO PROXECTO “RESIDENCIA PARA MAIORES EN VIDE – CASTRELO DE MIÑO” (USO DOTACIONAL U3, TRAMITACIÓN URBANÍSTICA CONFORME Á LEI DO SOLO DE GALICIA) (EXP. Nº 2025/19093E).-

Consonte co establecido no artigo 126 do Real decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 138 do mesmo texto legal, a Presidencia da conta do acordo plenario que se transcribe, adoptado na sesión de data 27 de agosto de 2025:

1º) Avocar para o Pleno da Deputación Provincial de Ourense a competencia delegada na Xunta de Goberno mediante acordo Plenario do 3 de agosto de 2023, para a aprobación inicial do expediente expropiatorio do proxecto “Residencia para Maiores en Vide – Castrelo de Miño”, competencia actualmente delegada na Xunta de Goberno, de conformidade co disposto no artigo 116 do ROF, e exclusivamente para este asunto e para esta fase procedementais.

2º) Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación, con todos os documentos sinalados no artigo 118, parágrafo primeiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, para a execución do proxecto “Residencia para Maiores en Vide”, no termo municipal de Castrelo de Miño, e deste xeito obter os terreos e demais dereitos incluídos no ámbito do devandito proxecto, reflectidos no cadro seguinte:

Nº PARC.	POL.	PARC.	REF. CATASTRAL	SUP. CAT. (m²)	USO	AFECTADOS	DOMINIO
1	12	1	32023A012000010000HY	1.076 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA CANDIDA	TOTAL SUP. CAT.
2	12	2	32023A012000020000HG	463 m2	AGRARIO	POUSADA PEÑA CONCEPCION	TOTAL SUP. CAT
3	12	3	32023A012000030000HQ	541 m2	AGRARIO	PEREZ GONZALEZ JOSE ANTONIO	TOTAL SUP. CAT
4	12	4	32023A012000040000HP	476 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA ISAURA	TOTAL SUP. CAT
5	12	5	32023A012000050000HL	424 m2	AGRARIO	MATO SIERRA MANUEL	TOTAL SUP. CAT
6	12	6	32023A012000060000HT	595 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA JOAQUINA	TOTAL SUP. CAT
7	12	7	32023A012000070000HF	536 m2	AGRARIO	PEÑA POUSADA JOAQUINA	TOTAL SUP. CAT
8	12	8	32023A012000080000HM	916 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA SARA	TOTAL SUP. CAT
9	12	9	32023A012000090000HO	463 m2	AGRARIO	ALVAREZ POUSADA CANDIDA	TOTAL SUP. CAT
10	12	14	32023A012000140000HR	374 m2	AGRARIO	MATO SIERRA CORONA	TOTAL SUP. CAT
11	12	15	32023A012000150000HD	635 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE BALBINA	TOTAL SUP. CAT
12	12	18	32023A012000180000HJ	242 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE MANUELA	TOTAL SUP. CAT

Nº PARC.	POL.	PARC.	REF. CATASTRAL	SUP. CAT. (m²)	USO	AFECTADOS	DOMINIO
13	12	233	32023A012002330000HF	438 m2	AGRARIO	POUSADA PEÑA ANTONIO	TOTAL SUP. CAT
14	12	239	32023A012002390000HX	367 m2	AGRARIO	MATO ALBERTE MAXIMINO	TOTAL SUP. CAT

3º) *Expoñer o proxecto de expropiación ao público, de conformidade co previsto no artigo 118, parágrafo terceiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, polo prazo dun mes para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.*

4º) *Notificar individualmente as taxacións dos bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación aos seus titulares, de conformidade co previsto no artigo 118, parágrafo cuarto, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento, mediante traslado da correspondente folla de aprecio coa fixación dos criterios de valoración.*

5º) *Notificar esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación mediante inserción de anuncio no Diario Oficial de Galicia, nun diario de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do Concello afectado, ao abeiro do establecido no artigo 118, parágrafo terceiro, da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento."*

6º) *Dar conta á comisión informativa competente por razón da materia.*

7º) *Devolver á Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense a competencia, xa delegada por acordo Plenario do 3 de agosto de 2023, para as restantes actuacións procedementais que lle correspondan conforme coa delegación vixente.*

Os membros da Comisión quedan informados.

5º.- MOCIÓN DO BNG PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE APOIO E RECUPERACIÓN PARA OS CONCELLOS AFECTADOS POLA VAGA DE LUMES DESTE VERÁN 2025 (EXPTE. Nº 2025/20276D).-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

No pasado pleno do mes de xullo 2025, desde o grupo provincial do BNG presentouse unha moción relativa á necesidade de mellorar as medidas preventivas, especialmente as faixas de protección de núcleos, fronte aos lumes forestais.

Desgraciadamente a nosa provincia ven de sufrir no pasado mes de agosto a vaga de lumes forestais máis grande da súa historia. Máis de 110.000 ha segundo os datos da Xunta de Galiza, máis de 140.000 ha segundo o sistema Copernicus da EU.

A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A rabia, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado, deben traducirse en acción política. Foi, no fundamental, o resultado combinado dunha política forestal incorrecta, xunto a un alto nivel de desidia e incumprimento pola Xunta de Galiza da actual lexislación de montes e de defensa contra o lume, xa que é o Goberno galego quen ten as competencias, tanto en materia forestal como de prevención e extinción de lumes forestais.

Así mesmo debe subliñarse a incapacidade dos concellos para abordar o inxente traballo de identificación, requirimento e en último caso as limpezas subsidiarias das parcelas de propietarios que incumpren a normativa vixente. Algo que lonxe de mellorar vese acrecentado ano tras ano, converténdose nun imposible para os concellos o feito de ter o entorno dos pobos limpos.

Por outra parte, o SPIF amosou graves carencias, erros e descoordinación por parte da súa cadea de mando, comezando pola Conselleira do Medio Rural e o Director Xeral de Defensa do Monte.

Para ilustrar isto compre facer un breve repaso do acontecido co dispositivo SPIF nos primeiros días desta devastadora vaga de lumes en Ourense.

O día 8 de agosto aparece o primeiro lume que acabaría por ser Grande Incendio (GIF), en Chandrexa de Queixa, e o día 9 comeza o primeiro de Maceda (Castro de Escuadro).

Polo tanto, antes de nada, compre deixar claro, que alén das condicións climatolóxicas adversas, o pequeno número de lumes que se ían xerando deberían ser abordados con rapidez e eficacia polo dispositivo. Coñecendo como era o caso de antemán as condicións de risco tras un incremento da biomasa palas chuvias de primavera, seguido dunha seca prolongada.

Xa o día 11 aparecen diversos focos pola comarca de Monterrei e macizo central, pero en cantidade que debería ser asumible polo dispositivo no mes de agosto e con previsións de tempo moi complicado. Lembremos que se viña de inaugurar facía menos dun ano o aeródromo Verín-Oímbra cun coste millonario, que semella non tivo o éxito agardado. E comeza a desbordarse totalmente a situación. A serra de San Mamede xa estaba moi

afectada e o lume de Queixa avanzaba sen control. Non se fixo previsión ningunha de desprazamento de brigadas e medios de outros distritos cara Ourense.

O día 12, martes, prodúcese o "colapso" total en Ourense. Novos lumes en Maceda, A Mezquita, Oímbra, que acadaron por converterse en lumes enormes e especialmente en Seixalbo (Ourense) e Ponte Noalla (San Cibrao das Viñas). Lumes que, aínda que pequenos por darse en zonas habitadas e industriais, supuxo a derivación de medios, especialmente aéreos, retirándoos doutras zonas. A situación descontrolábase co peche da autovía en varios puntos, mesmo entre Ourense e Santiago á altura de Dozón.

O lume de Larouco comeza o día 13. Un ÚNICO LUME con afectación a máis de 31.000 ha, que consume todo Valdeorras e mesmo Quiroga e o Courel. Co caos instalado xa en toda a provincia.

Entre o día 12 e 17 de agosto, prodúcese o maior desastre ambiental e económico do noso territorio en moitos anos.

A partir do día 18, coa chegada de medios do Estado e outras CC.AA. e a posterior baixada de temperaturas e da intensidade do vento, comeza a mellorar progresivamente a situación. Pero moito mal estaba xa feito irremediabilmente.

E lonxe do "relato" que pretende trasladar a Xunta de Galiza de que estes lumes eran "impredecibles", compre situarnos no ano 2019 sinalando algunhas das medidas que o Grupo de Expertos de apoio á Comisión do Parlamento galega sobre incendios forestais (GEPIF) entregou á presidencia do Parlamento e á Consellería do Medio Rural (CMR).

Parece evidente que unha gran parte (>70%) destas recomendacións non foron tidas en conta pola Xunta de Galiza.

Especialmente todo o que ten que ver coa prevención, xa que non se executaron moitas das medidas contempladas nos orzamentos de 2025 da Xunta de Galiza.

Os fondos para prevención, xa de por si cativos, non se executaron. No presente 2025 non foron adxudicadas as obras para prevención de incendios forestais por valor de 3 M € e tampouco se aprobaran as axudas para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios destinadas fundamentalmente a comunidades de montes veciñais en man común por valor de 5,4 M €. Os traballos de xestión de biomasa en faixas secundarias, cun valor estimado de 2.278.560 € non se executaron, tendo en conta que é para xestionar a biomasa no entorno dos núcleos de poboación de alta actividade incendiaria. É dicir, a CMR tiña a finais de agosto sen executar case 11 M € de medidas de prevención.

Con posterioridade, o día 30 agosto publícanse unha serie de ordes de axuda para tentar paliar o dano ocasionado. O BNG xa expresou que consideramos esas axudas moi

burocráticas e que non recollen moitos dos danos ocasionados, especialmente en explotacións agrarias, gandeiras e forestais, como por exemplo o "lucro cesante".

No que si deberíamos estar de acordo todas as organizacións políticas desta Deputación Provincial, é que isto debe supoñer un "punto de inflexión" e que non pode volver acontecer. Por iso, e a sabendas de que as competencias na xestión da política do monte corresponde á Xunta de Galiza, e que por parte das Confederacións Hidrográficas do Miño/Sil e do Douro deberán contribuír na restauración hidrolóxico/forestal, tamén somos conscientes que é preciso facer algo desde esta institución provincial, tendo en conta que o 97% da superficie queimada de Galiza corresponde a Ourense.

Este mes de setembro é o momento oportuno para incorporar as prioridades do vindeiro orzamento desta Deputación Provincial, e nas que, a maiores do Plan COOPEROU, temos o convencemento da necesidade de centrar o apoio nas comarcas e concellos máis afectados por esta vaga de lumes.

O obxectivo ten que ser, xa non só evitar a desaparición de tecido económico senón dar un pulo a estes concellos afectados.

Por iso, PROPOÑEMOS a adopción dos seguintes acordos.

ACORDOS

1. Posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental coa participación das 3 administracións Deputación de Ourense-Xunta-Estado para afrontar a situación.

- a. Este "Fondo" debe ser complementario e compatible con outras axudas das administracións, sempre que non se supere o importe da reconstrución dos elementos afectados polo lume.*
- b. Este fondo será destinado aos concellos ourensáns nos que neste verán se produciu algún Grande Lume (GIF) (foron 11 en total), ou que teña algunha das parroquias de Alta Actividade Incendiaria (17 en total).*
- c. Estará dotado con montante económico inicial de 5 M€, e no que a Deputación de Ourense participará no 20%.*

2. Os criterios de reparto serán ponderando os establecidos para a parte fixa do COOPEROU, combinado coa superficie arrasada polo lume en cada concello.

3. Poderán ser destinados a:

- a. Reparación de infraestruturas municipais.*
- b. Convenios con CMVMC para a posta en marcha dun novo modelo de ordenación forestal nos seus montes coa premisa de implantar unha estrutura*

forestal en mosaico, alternando especies de distinta combustibilidade, devasas e pasteiros co obxecto de promover a biodiversidade do noso monte e, como medida de seguridade, servindo de freo á propagación do lume facilitando a súa extinción.

- c. Contratación de brigadas municipais para traballos de prevención, limpeza e aplicación da lexislación en materia de faixas de protección e núcleos urbanos, coa base do acordo plenario do mes de xullo 2025.*
- d. Xornadas de concienciación sobre a prevención de lumes e como actuar ante a presenza dos mesmos.*

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval, do Grupo Socialista, intervén para sinalar que nesta moción pode dar a impresión de que se nos trasladan obrigas que corresponden á Xunta de Galicia, por exemplo cando se fai referencia á contratación de brigadas forestais polos concellos.

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, insiste en que esta moción, ao igual ca do grupo socialista, deberían agardar ás conclusión que se acorden na mesa de traballo sobre os incendios forestais.

Don Bernardo Varela López, do BNG, sinala que o seu grupo retiraría esta moción si tanto PP como PSOE fan o mesmo coas súas respectivas mocións sobre a vaga de lumes.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do BNG (2) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (4), e de Democracia Ourensana (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental coa participación das 3 administracións Deputación de Ourense-Xunta-Estado para afrontar a situación.

- a. Este "Fondo" debe ser complementario e compatible con outras axudas das administracións, sempre que non se supere o importe da reconstrución dos elementos afectados polo lume.*
- b. Este fondo será destinado aos concellos ourensáns nos que neste verán se produciu algún Grande Lume (GIF) (foron 11 en total), ou que teña algunha das parroquias de Alta Actividade Incendiaria (17 en total).*
- c. Estará dotado con montante económico inicial de 5 M€, e no que a Deputación de Ourense participará no 20%.*

2. Os criterios de reparto serán ponderando os establecidos para a parte fixa do COOPEROU, combinado coa superficie arrasada polo lume en cada concello.

3. *Poderán ser destinados a:*

- a. *Reparación de infraestruturas municipais.*
- b. *Convenios con CMVMC para a posta en marcha dun novo modelo de ordenación forestal nos seus montes coa premisa de implantar unha estrutura forestal en mosaico, alternando especies de distinta combustibilidade, devasas e pasteiros co obxecto de promover a biodiversidade do noso monte e, como medida de seguridade, servindo de freo á propagación do lume facilitando a súa extinción.*
- c. *Contratación de brigadas municipais para traballos de prevención, limpeza e aplicación da lexislación en materia de faixas de protección e núcleos urbanos, coa base do acordo plenario do mes de xullo 2025.*
- d. *Xornadas de concienciación sobre a prevención de lumes e como actuar ante a presenza dos mesmos.*

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Xosé Carlos Valcárcel Doval, do Grupo Socialista, pregunta sobre a posibilidade de cambio de obxecto dunha subvención nominativa prevista no orzamento provincial a favor da Fundación Florencio Delgado Gurriarán.

O Presidente contesta que se estará ao que digan os informes técnicos da Intervención Provincial.

E, ás 18.16 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.